



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

rf. A/S/C92-14

## ANUNCIO

Asto.: Adxudicación do contrato administrativo do servizo de atención psicolóxica para mulleres, adscrito ao centro municipal de información á muller (CIM)

A Xunta de goberno local, na sesión ordinaria celebrada con data 19 de MARZO de 2015, acordou, entre outros, o seguinte:

1º.- Adxudicar a BEATRIZ MONROY CARDOSO, DNI núm. 36109565W, con domicilio en Vigo (Pontevedra), o contrato administrativo do servizo de atención psicolóxica para mulleres, adscrito ao centro municipal de información á muller (CIM), polo importe anual de 18999 €, IVE EXCLUIDO.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento das obrigas derivadas da súa proposición (sobre B, RE núm. 895/15 de 7.2.2015), as procedimentais sinaladas nos PCAP e as relativas á execución do contrato nos termos previstos nos citados PCAP, concretamente ao contido da cláusula XVII, e nos PPT asinados por Monserrat González García, na súa condición de Directora do CIM Bueu, de data 19.01.2015 que contén as prescricións técnicas da contratación de referencia aprobado pola Xunta de goberno local na sesión extraordinaria celebrada con data de 23.01.2015 e particularmente as seguintes:

- Consonte a cláusula XIII do PCAP e os arts. 156.3, en relación co artigo 112.2.b) do TRLCSP, o contrato que resulte deberá ser formalizado, no máis tarde dos oito (8) días hábiles seguintes o da recepción da notificación do acordo de adxudicación, en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixira. Se as causas da non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle poideran ocasionar. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

- A duración contractual deberá axustarse ao disposto na cláusula II dos PCAP tendo en conta o alcance temporal na prestación do servizo polo concello de Bueu derivado da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local previsto na cláusula I.2 dos PCAP.

- A prestación do servizo executarase con suxeción ó establecido nos PCAP, nos PPT, ao consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o responsable do contrato no seu caso, ou o órgano competente para a vixilancia do contrato e axustarase, en todo caso, ao disposto na normativa sectorial que lle sexa de aplicación e, concretamente ao disposto nos artigos 4 e 16.3.2 do decreto 182/2004, de 22 de xullo, da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado da Xunta de Galicia (DOG núm. 150 de 4.8.2014) polo que se regulan os Centros de información á muller e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento.

2º.- Declarar expresamente, en cumprimento do art. 151.4 do TRLCSP, a relación dos candidatos admitidos na licitación nos termos que resultan dos antecedentes de feito que se relacionan na parte expositiva do presente acordo:



**CONCELLO DE BUEU**  
**DEPARTAMENTO SECRETARÍA**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

<b>Identidade da licitadora</b>	<b>Resultado da admisión</b>	
Marta Isabela Mora Bogado DNI núm. 77677889N Pontevedra	ADMITIDO	RETIRA A SÚA PROPOSICIÓN polo incumprimento do compromiso contido no punto 3º da súa declaración responsable relativa ás obrigas que resultan da cláusula XI.4 dos PCAP
Beatriz Monroy Cardoso DNI núm. 36109565W Vigo	ADMITIDO	

O que se publica en cumprimento do ordeado pola Xunta de goberno local en base ao disposto nos artigos 53.2 e 151 do Real decreto legislativo 3/2011 (TRLCSP).

Bueu, 23 de marzo de 2015

O Alcalde

Félix Juncal Novas